



ANUNCIO

A Alcaldía, con data 26-12-2024, ditou a Resolución 1676/2024 que a continuación se transcribe:

"RESOLUCION DA ALCALDIA

ASUNTO: APROBACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO E CHAMAMENTO

EXPEDIENTE: PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA CUBRIR AS VACANTES DE CONDUCTOR/A DE RETROESCAVADORA PARA O CONCELLO DE VIMIANZO, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE, COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A

Expte.: 2024/E001/000012

ANTECEDENTES

O Concello de Vimianzo ten a necesidade de cubrir o servizo de mantementos e pequenas actuacións de albanería e movementos de terra, escavacións, nivelado, apisoado e incluso ciscado de asfalto ou formigón nos inmobles municipais e nos espazos públicos. Para iso, vaise desenvolver un programa de duración determinada, que require de recursos humanos especializados no uso de máquinas escavadoras e retroescavadoras, así como en efectuar a posta a punto e o mantemento delas.

O artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade ou urxencia, son nomeados como tales con carácter temporal para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

- a) A existencia de prazas vacantes, cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira, por un máximo de tres anos, nos termos previstos no apartado 4.
- b) A substitución transitoria dos titulares, durante o tempo estritamente necesario.
- c) A execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento deste Estatuto.
- d) O exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezaioito meses.

Consta no expediente a Providencia de Alcaldía que xustifica a necesidade e urxencia de iniciar o expediente para abrir o proceso de selección para a elaboración desta bolsa de traballo, con data do 30/09/2024.



A Alcaldía, con data 16/10/2024, ditou a Resolución 1322/2024 pola que se aproban as bases para a elaboración dunha bolsa de emprego para cubrir as vacantes de condutor/a de retroescavadora para o Concello de Vimianzo.

Estas bases foron publicadas no taboleiro da Sede Electrónica do Concello de Vimianzo o 17/10/2024. O seu extracto publicouse no BOP. O prazo de presentación de solicitudes foi de dez días naturais contados a partir do día seguinte á data de publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e presentáronse tres persoas.

Por Resolución de Alcaldía núm. 1456/2024, do 11/11/2024, aprobouse a lista definitiva de persoas admitidas, a composición do Tribunal e deuse información sobre a data das probas.

Constan as actas do Tribunal que recollen as fases do proceso selectivo, con datas de 18, 21, 22 e 25 de novembro de 2024. Na última recóllese a proposta de bolsa para a Alcaldía.

Con data do 26/11/2024 publicouse o anuncio do Tribunal coas puntuacións e a proposta de bolsa e, no prazo outorgado nas bases, non se presentou ningunha alegación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O artigo 10.1.c) do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que son funcionarios interinos os nomeados para a execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento dese Estatuto.

O artigo 25.2.a) da LBRL recolle as materias consideradas competencias propias do Municipio, entre as que figuran o urbanismo, medio ambiente urbano e infraestrutura viaria, relacionadas coas funcións do posto.

O artigo 21.1.g da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local (LBRL) establece a atribución da Alcaldía para aprobar as bases de selección.

Téñense en conta as bases novena (constitución da bolsa de emprego) e décima (propostas de nomeamento e presentación de documentos) aprobadas por Resolución de Alcaldía 1322/2024 con data 16/10/2024.



Tendo en conta o anterior, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a composición da bolsa de emprego de condutor de retroescavadora do Concello de Vimianzo, para nomeamentos de funcionarios interinos, segundo o artigo 10.1 do TREBEP, coa seguinte orde de prelación:

TEDEC	NOME	APELIDOS	DNI	TOTAL
2024/E002/000076	ALDO	BARREIRO REGUEIRA	78803125L	85,00
2024/E002/000075	MARTIN	TRILLO POSE	78801151T	73,15
2024/E002/000077	CLAUDINO	TRILLO RODRÍGUEZ	32834707E	48,77

Segundo.- Aprobar o chamamento da primeira persoa da lista para cubrir unha vacante de condutor de retroescavadora no “Programa de acondicionamento de terreos e infraestruturas de uso público” por un período estimado de tres anos e coa duración máxima regulada no artigo 10.1.c) do TREBEP. Estímase a data de inicio para o día 07/01/2025.

[...]

Vimianzo, 27 de decembro de 2024

Mónica Rodríguez Ordóñez

Alcaldesa de Vimianzo